



Concello de Boiro



ANUNCIO – Proceso selectivo Fontaneiros

PUNTUACIÓNS DEFINITIVAS E CONVOCATORIA SORTEO DESEMPATES

Transcríbese a continuación a acta da sesión do tribunal de data 25/10/2021 donde constan as puntuacións definitivas e a convocatoria para dirimir resultado final de empate entre candidatos:

“ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DESIGNADO PARA A SELECCIÓN DE FONTANEIROS

SESIÓN DO 25/10/2021

Presidente: María Mariño Poza
Secretario: Martín Blanco Buceta
Vogal 1: Carlos J. García Blanco
Vogal 2: Javier Viturro González
Vogal 3: Angel Rodríguez Alenza

Na Casa Consistorial do Concello de Boiro, sendo as 14:00 horas do 25/10/2021, reúnense os membros do tribunal designado para a confección dunha listaxe de contratación para a cobertura temporal de prazas de fontaneiro

As bases reguladoras deste proceso de selección son as aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data de 18 de agosto de 2021 publicadas no BOP nº 162 de data de 22/08/2021.

O obxecto desta sesión é a resolución de alegacións, asignación das puntuacións definitivas e convocatoria de sorteo público para realiza-lo desempate nas puntuacións.

1.- ALEGACIÓNS PRESENTADAS Ó SEGUNDO EXERCICIO DA OPOSICIÓN E ÁS PUNTUACIÓNS DE VALORACIÓN DE MÉRITOS.

Rematado o prazo outorgado para a posible presentación de alegacións ás puntuacións do segundo e terceiro exercicio da oposición así como á valoración de méritos, non figura presentada ningunha alegación, polo que se ratifican as puntuacións outorgadas na sesión de data 19/10/2021.

2.- PUNTUACIÓNS DEFINITIVAS:

Unha vez sumadas as puntuacións obtidas nos exercicios da fase de oposición, resultan as seguintes puntuacións por orde decrecente:

NOME	1º EXERCICIO OPOSICIÓN	2º EXERCICIO OPOSICIÓN	MÉRITOS	TOTAL PUNTOS
JOAQUIN SOMOZA DIESTE	8,5	10	1	19,5
JOSE LUIS OUTEIRAL TUBIO	8,5	10	1	19,5
VALENTIN VILASOA TRIÑANES	8,25	9	1	18,25
ROBERTO CARLOS PELETEIRO SOTO	7,25	6	0	13,25

Concello de Boiro



Concello de Boiro

De conformidade co previsto no punto número 10º das bases de selección, será preciso acadar 5 puntos como mínimo para superar o segundo exercicio da oposición, polo que os seguintes candidatos non son aptos para a seguinte fase do proceso selectivo:

NOME	1º EXERCICIO OPOSICIÓN	2º EXERCICIO OPOSICIÓN	MÉRITOS	TOTAL PUNTOS
ALVARO NOAL COSTA	8,25	2	--	--
CARLOS VIEITES RODRÍGUEZ	7,75	3	--	--

3.- DESEMPATE PUNTUACIÓNS:

De conformidade co previsto no punto número 11 das bases de selección, en caso de empate na puntuación final do proceso selectivo establecerase a seguinte orde de prioridade:

1.- *Por ser un grupo con infrarrepresentación do sexo feminino, e en aplicación do disposto no artigo 49 do Decreto legislativo 2/2016, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, preferencia da muller respecto do home.*

2.- *Mellor puntuación obtida no segundo exercizo.*

De persisti-lo empate, dirimirase por sorteo público a celebrar ante o Tribunal Cualificador, do que se levantará a acta correspondente.

Unha vez sumadas as puntuacións obtidas no primeiro e segundo exercicio da oposición, máis a puntuación da valoración de méritos e tendo en conta que o terceiro exercicio só se cualifica coma apto ou non apto, procede aplicar os criterios de desempate establecidos para o establecemento da orde na listaxe de puntuación. Deste xeito, unha vez dirimidos os casos finais de empate en función dos criterios anteriormente mentados, faise necesario realizar sorteo público para dirimir o resultado final de empate entre os 2 candidatos do posto número 01 e número 02.

Así se procede a convocar ós candidatos interesados neste proceso para o vindeiro **XOVES, 28 de outubro de 2021 ás 10.00 h. no salón de plenos da Casa Consistorial para a celebración do sorteo público.**"

Boiro, 25 de outubro de 2021

Martín Blanco Buceta, secretario do tribunal.



Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008